




# Concello de Burela

## NOTIFICACION



A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinteito de marzo do ano en curso, adoptou entre outros, o seguinte acordo::

### 3.- AUTORIZACIÓNS E LICENZAS.

**3º.2.- SOLICITUDE DE LICENZA DE 1º OCUPACIÓN INSTADA POR JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ CON DNI Nº 76.565.988-T, EN REPRESENTACIÓN DE OS MOLINEROS S.L, CON CIF B-27296011, E CON ENDEREZO NA RÚA SALVADOR DE MADARIAGA Nº 1, ENTRES. D, EN FOZ, PARA EDIFICIO COMPOSTO DE 25 VIVENDAS, PLANTA SÓTANO, PLANTA BAIXA, 4 PLANTAS E BAIXO CUBERTA, NA RÚA LAMESTRA, ESQUINA RÚA CASTELAO, EN BURELA.**

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada por Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en representación da entidade "Os Molineros S.L", con CIF B-27296011, en data 15 de marzo de 2011 (RE nº 1.835) para edificio composto de 25 vivendas, planta sótano, planta baixa, 4 plantas e baixo cuberta, e con un orzamento de 1.171.274,00 €.

Visto que se acompaña o preceptivo certificado final de obras, asinado polos técnicos responsables da execución e dirección das obras Eloy Soto Rodríguez e José Luis Eimil Trasancos, de data 3 de xaneiro de 2011, visado polo Colexio de Arquitectos de Galicia o 03/03/2011, e polo Colexio Oficial de Aparelladores o 02/03/2011.

Emitido informe preceptivo polo arquitecto técnico municipal, en data 23/03/2011, e o correspondente xurídico de Secretaría, na mesma data.

Por todo o exposto, en aplicación do disposto nos artigos 195.6 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o artigo 10.8 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia e o artigo 5 da Lei de Ordenación da Edificación, e en uso

Vista a proposta da Alcaldía de 24 de marzo do ano en curso.

A Xunta do Goberno Local por unanimidade de todos os membros presentes, e en votación ordinaria,

### ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder licenza de 1º ocupación a Juan Antonio Rodríguez Rodríguez con DNI nº 76.565.988-T, en representación da entidade Os Molineros S.L, con CIF nº B-27296011, para edificio composto de 25 vivendas, planta sótano, planta baixa, 4 plantas e baixo cuberta, na rúa Lamestra, esquina rúa Castelao, en Burela, unha vez comprobado que os técnicos responsables da execución e dirección das obras Eloy Soto Rodríguez e José Luis Eimil Trasancos, certifican a realización da obra segundo proxecto aprobado, e o arquitecto técnico municipal, informa favorablemente a concesión de licenza.

**SEGUNDO.-** Aprobar as correspondentes liquidacións, de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa por licenzas urbanísticas:


#### CONCEPTO

-Taxa por expedición de licenza de 1º ocupación (1% orzamento)..... 11.712,74 €

**TERCEIRO-** Notificar o presente acordo ó interesado, ós servizos técnicos, ó departamento de Tesourería, e ó Pleno, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

O que se notifica, para o seu coñecemento e efectos, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, facéndolle saber que contra a presente Resolución poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN con carácter potestativo de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes, diante do mesmo órgano que a dictou ou proceder a súa impugnación directa ante o Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo interpoñendo RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Burela, 29 de marzo do 2011



**POR JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, EN REPRESENTACIÓN DE OS MOLINEROS S.L RÚA SALVADOR DE MADARIAGA Nº 1, ENTRES. D, EN FOZ,**